

CONSELLOS PARA A PRESENTACIÓN ORAL DO TRABALLO

É recomendable, para a presentación, empregar medios audiovisuais e, polo tanto, facer unha presentación en *Powerpoint*.

De cara a presentación en Powerpoint, algúns consellos para a súa elaboración son:

- Unha **primeira diapositiva** que conteña: título do traballo, responsables do mesmo, nome da materia e curso ao que pertencen dit@s_alumn@s.
- Unha **segunda diapositiva** que expoña o esquema do que se vai a presentar (comentalo brevemente).
- Unha **última diapositiva** de agradecemento e que indique os contactos d@s_autor@s.
- Compre empregar **letra** que facilite a súa lectura, por exemplo Arial ou Verdana, pero non se debe empregar unha letra menor a 18pt nin cursivas (agás dun xeito excepcional, como, por exemplo, para indicar a fonte de procedencia dun gráfico que non é propio). Se se quixera destacar algo, poderíase empregar a negriña, maiúsculas ou un tamaño maior de letra. Tamén sería convinte non mesturar fontes de letra distinta.
- Ter coidado cas **cores** empregadas e a combinación das mesmas, procurando que haxa unha boa nitidez.
- A relación de diapositivas na presentación debería acercarse a unha media **dunha diapositiva por minuto**.
- Cada membro do grupo que compón o traballo, deberá comezar por **autopresentarse** (só leva uns segundos indicar nome e apelidos e comentar, se é o caso, qué relación ten co tema do traballo. Por exemplo: se alguén que fai a exposición do traballo sobre prevención e recuperación de rotura fibrilar no cuádriceps indica que a sufriu ou que practica un deporte no que é unha lesión habitual, como é o fútbol, ou que a viu nun compañeiro).
- Hai que **centrarse** na exposición **na cuestión principal** do traballo, non tanto na presentación e introducción do mesmo. É máis importante que aos que escoiten, lle queden claros 2 ou 3 ideas fundamentais, mais que darles moita información que non van procesar. Quen queira máis información xa a solicitará na quenda de preguntas ou pedirá unha copia do traballo.
- Agás que se poña unha cita textual, o texto a empregar nas diapositivas debe ser a modo de **palabras chave ou frases cortas**, isto é, unha especie de resume do que se vai a expor (non oracións longas e menos por na diapositiva todo o que se vai a dicir). Hai que simplificar ao máximo.
- **Non** se deben **ler** as diapositivas, da a impresión de non saber o tema.
- A presentación debe expor os principais contidos dun xeito **entretido**. Por iso, é mellor empregar imaxes, gráficos, vídeos,... que faciliten a comprensión do que se quere dicir, máis que facelo a través de texto. Tamén é interesante facer a presentación como se se contase unha historia ou engadir anécdotas cortas en relación ao que se expón.
- En caso de querer presentar **táboas** con información, ter en conta que se vexan con nitidez por parte d@s_compañeir@s máis aloxad@s da pantalla de proxección. Pódese solventar, se é posible, transformando esa táboa nun gráfico, case sempre son máis claros, ou, en todo caso, traer copias da mesma para dar aos asistentes.

- É **recomendable** moverse “polo escenario” na presentación, falar mirando ao público (non só á pantalla de proxección ou a un/uns/unha/unhas determinad@/@s compañeir@s), non ter as mans nos bolsillos, ter un sorriso, xesticular cas mans ao igual que se fai na vida normal, facer preguntas sen agardar resposta (só para espertar expectación no que se vai a dicir a continuación),... Isto axudará a dar maior credibilidade á exposición.
- Débese **ser puntual**.
- Hai que axeitarse ao tempo de exposición (**20 minutos**).
- Sería aconsellable **practicar** a exposición varias veces antes da exposición na aula. Axudará a controlar o tempo, ver onde se pode corrixir (se hai que sacar ou engadir cousas), coller soltura e seguridade,...
- Débese **indicar a fonte** das imaxes, gráficos, vídeos,... que non sexan propios.

Tamén podedes entrar nas seguintes páxinas web que formulan consellos para a elaboración de presentacións, nalgún casos con exemplos gráficos que axudan mellor a entendedos:

- <http://blog.faqoff.org/2007/03/29/recopilacion-de-consejos-para-powerpoint/> (en español).
- <http://www.eduteka.org/GuiaPresentaciones.php3> (en español).
- <http://www.scribd.com/doc/131431/CONSEJOS-DE-LOS-EXPERTOS-PARA-REALIZAR-PRESENTACIONES-EFECTIVAS> (en español).
- http://www.bvs.sld.cu/revistas/aci/vol8_3_00/aci10300.pdf (en español).
- <http://cosassencillas.wordpress.com/2007/08/24/consejos-para-una-buena-presentacion/> (en español).